

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	36

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques.

O primeiro, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en doce unidades didácticas. Na primeira unidade de cada trimestre trátanse contidos dos catro bloques de carácter máis teórico e traballárase a comprensión e análise da información contida en textos de diversas tipoloxías (tema, resumo, ideas principais, intención do autor); mentres que as outras dúas estarán centradas na elaboración de produtos orais e escritos sobre temas do propio currículo ou transversais que serán avaliados a través dunha rúbrica. A cuarta, estará centrada na experiencia lectora do alumnado que escollerá unha obra do seu gusto sobre a que realizará traballos audiovisuais e ou artísticos.

Cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre abordan temáticas diferenciadas. Traballáranse tamén lecturas de distintos xéneros literarios.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuizos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	Esta primeira unidade serviranos para avaliar inicialmente o alumnado. Traballaremos o concepto de comunicación (verbal e non verbal), os elementos que participan nela e analizaremos a súa importancia.. Elaboraremos mensaxes de diversos tipos (orais, escritas, non verbais) o que nos servirán para reflexionar sobre os rexistros lingüísticos e as escollas lingüísticas que se fan en función do contexto e do interlocutor. Estudaremos os diferentes tipos de signos e as súas partes. Isto permitiranos unha primeira	20	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	aproximación á fonética e á súa representación. Diferenciaremos grafema, dígrafo, fonema e ordenaremos alfabeticamente. Repasaremos as clases de palabras e profundaremos no xénero e número de adxectivos e substantivos. Repasaremos a acentuación das palabras e os conceptos de sinonimia e antonimia, o que nos permitirá analizar os diferentes tipos de dicionarios, practicar as definicións e analizar a información neles contida. Introduciremos as secuencias descritiva e informativa.	20	20	X		
2	UNIDADE 2	Nesta unidade imos traballar a produción textual e a procura de información en diversos soportes. Centrarémonos nos textos xornalísticos, concretamente na noticia, coñecendo todas as súas partes, e na crónica. Traballaremos con textos xornalísticos en diversos soportes e de diferentes tipoloxías. Aprenderemos a buscar información na rede e a mergullarnos nas hemerotecas dos xornais dixitais para sabermos que pasaba hai anos. Faremos pequenos traballos de investigación sobre noticias da realidade con relevancia para a sociedade. O alumnado elaborará textos xornalísticos escritos. Traballaremos tamén as secuencias descritivas a partir de fotografías dos xornais.	5	6	X		
3	UNIDADE 3	Nesta unidade aprenderemos as características da lingua oral fronte á escrita. O alumnado terá que elaborar pequenas presentacións orais, polo que introduciremos as secuencias expositivas e os seus trazos principais. Reflexionarán sobre os elementos que debe posuír un texto destas características e as etapas que atravesará para deseñar unha exposición oral que realizará diante da súa clase. Nela explicarán cales son os seus obxectos persoais imprescindibles, aqueles que collen nun metro cadrado, describíndoos e destacando a súa importancia.	5	6	X		
4	UNIDADE 4	Nesta unidade aprenderemos o que é a literatura e leremos textos diversos. O alumnado terá que escoller unha obra literaria sobre a cal realizará un traballo, no que reflexionará sobre aspectos da súa forma e contido, analizando a súa estrutura, temas, argumento, personaxes e aprendizaxes que adquiriu.	4	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	UNIDADE 4	Estas obras serán comentadas en gran grupo para que o alumnado sexa quen de transmitir a súa opinión de maneira argumentada, realizaremos, desta maneira, un faladoiro literario no que expresarán os seus gustos, os aspectos que non lle gustan, os temas que lle interesaron das súas lecturas, etc.	4	3	X		
5	UNIDADE 5	Nesta unidade traballaremos os prexuízos lingüísticos pero non só, xa que estes non axudarán a percibir, analizar e rexeitar os prexuízos raciais, culturais, de xénero que persisten na nosa sociedade e no mundo. Empregaremos textos de diferentes formatos e tipos, fotografías, documentos audiovisuais etc. para que o alumnado entenda que son os prexuízos e como funcionan co obxectivo de que os detecten nas súas vidas e desenvolvan un pensamento crítico diante deles. Traballaremos o concepto de campo semántico a través do léxico das emocións. A diversidade de textos será o punto de partida para estudar os xéneros literarios e as súas características, centrándonos nesta unidade nos narrativos e nos seus principais trazos. As secuencias narrativas permitirannos analizar a forma e o emprego de verbos, determinantes e pronomes. Repasaremos cuestións de ortografía e acentuación (ditongos, hiatos e til diacrítico).	20	16		X	
6	UNIDADE 6	Nesta unidade traballaremos as características do texto narrativo e a linguaxe da banda deseñada. Analizaremos as súas partes e introduciremos conceptos narratolóxicos: narrador, punto de vista, voz dos personaxes, saltos no tempo, caracterización de espazos, tipoloxía de personaxes. O alumnado terá que elaborar textos narrativos a partir de dous relatos audiovisuais mudos, o que nos servirá para establecer as diferenzas entre os textos escritos e os anteriores. Igualmente a partir dunha fotografía persoal escribirán a historia que hai detrás da mesma. Elaboraremos un cómic colectivo no que os protagonistas sexan referentes da realidade do alumnado. Para iso leremos diversos tipos de bandas deseñadas e para que se familiaricen e analicen as distintas linguaxes que estes textos ofrecen.	5	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	UNIDADE 6	Nesta unidade seguiremos introducindo aspectos relacionados coa construción textual, nomeadamente os mecanismos de coherencia, cohesión textual (substitución, conectores) e de corrección.	5	6		X	
7	UNIDADE 7	Nesta unidade profundaremos na diversidade lingüística e, concretamente, na existente na Península Ibérica. O alumnado investigará sobre as diferentes linguas do estado e dos países da lusofonía elaborará presentacións multimedia seguindo un guión fornecido pola docente (país, falantes, situación legal, localización e extensión, figuras relevantes da literatura e as artes, expresións básicas da vida cotiá, canción nesa lingua). Para isto traballaremos as características das presentacións orais formais e as características do texto expositivo. O estudo das diferentes linguas servirá para que o alumnado realice en grupos pequenos diálogos nesas linguas que dramatizarán na clase.	5	8		X	
8	UNIDADE 8	Nesta unidade o alumnado terá que escoller unha obra literaria sobre a cal realizará un traballo, no que reflexionará sobre aspectos da súa forma e contido, analizando a súa estrutura, temas, argumento, personaxes e aprendizaxes que adquiriu. Estas obras serán comentadas en gran grupo para que o alumnado sexa quen de transmitir a súa opinión de maneira argumentada, realizaremos, desta maneira, un faladoiro literario no que expresarán os seus gustos, os aspectos que non lle gustan, os temas que lle interesaron das súas lecturas, etc.	3	3		X	
9	UNIDADE 9	Nesta unidade a través da análise de textos de diversas tipoloxías, nomeadamente expositivos, o alumnado profundará na orde dos elementos na construción de enunciados e na ligazón entre as ideas. Traballaremos, pois, a sintaxe da cláusula simple e continuaremos analizando os mecanismos de cohesión. A sintaxe será tamén a porta de entrada para o estudo das palabras invariables: adverbio, preposición e conxunción. Continuaremos traballando co verbo, desta volta cos verbos irregulares e co infinitivo conxugado.	20	19			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	UNIDADE 9	Analizaremos as principais características da poesía culta e da popular (rima, estrofas, recursos estilísticos, regueifas) e do teatro (diálogo, anotacións, espazo escénico, iluminación, subxéneros dramáticos).	20	19			X
10	UNIDADE 10	Nesta unidade realizaremos un obradoiro de poesía, para o que leremos moitos poemas (haikus, romances, cantigas populares, romances, poesía actual poesía visual...) e veremos tamén como se poden levar ao terreo audiovisual. Veremos poemas de diversos tipos e épocas, faremos xogos de creación colectiva. O alumnado terá que elaborar por grupos un romance actualizado dun heroe ou heroína contemporánea, para o que terá que investigar quen serían hoxe os e as personaxes que destacan pola súa loita polo ben común e escribir en verso a súa loita. Individualmente escribirá un poema e logo lle dará formato visual.	5	6			X
11	UNIDADE 11	O alumnado por grupos investigará sobre unha destas catro temáticas: cambio climático, racismo ou discriminación por orixe, as redes sociais vantaxes e inconvenientes e acoso escolar. Coa información que obteña terá que realizar un programa radiofónico que poderá ser una breve peza de teatro ou un faladoiro no que reflexionen e denuncien situacións referidas á problemática escollida. A montaxe final, á que poderán engadir efectos sonoros, música ou calquera outro recurso que se lles ocorra será realizada co programa Audacity.	5	9			X
12	UNIDADE 12	Nesta unidade aprenderemos o que é a literatura e leremos textos diversos. Nesta unidade o alumnado terá que escoller unha obra literaria sobre a cal realizará un traballo, no que reflexionará sobre aspectos da súa forma e contido, analizando a súa estrutura, temas, argumento, personaxes e aprendizaxes que adquiriu. Estas obras serán comentadas en gran grupo para que o alumnado sexa quen de transmitir a súa opinión de maneira argumentada, realizaremos, desta maneira, un faladoiro literario no que expresarán os seus gustos, os aspectos que non lle gustan, os temas que lle interesaron das súas lecturas, etc.	3	3			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	UNIDADE 12		3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Enumera algunhas linguas da familia románica. Define bilingüismo e multilingüismo	PE	100
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica o tema e as ideas principais dun texto. Recoñece a estrutura e os tipos dos textos descritivos e das noticias		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Diferencia os rexistros lingüísticos con exemplos		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Coñece os fonemas do galego e a súa representación. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece as regras de formación do xénero e do número e a clasificación semántica de substantivos e adxectivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende a estrutura da noticia	TI	100
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Escrebe unha noticia respectando as partes e empregando unha lingua obxectiva		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Distingue as distintas intencións coas que se presenta a mesma noticia.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa a descrición coa axuda do corrector, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Procura empregar unha lingua non marcada.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Contrasta coa axuda do profesor varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Escribe con coherencia e corrección sen cometer moitos erros ortográficos e léxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - lingua de calidade. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende as características dos textos orais.	TI	100
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral breve de carácter persoal con fluidez, nun rexistro axeitado e manexando os recursos non verbais		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa nunha conversa informal sobre as exposicións dos compañeiros respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Emprega unha linguaxe inclusiva		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura escollido	TI	100
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de lectura escollido		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixo o libro de lectura cun criterio que explica e argumenta a opinión sobre o lido		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica algunhas das principais características do xénero literario da obra escollida		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumno explica o aprendido tras a lectura e pono en relación con outras experiencias artísticas que viviu		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

UD	Título da UD	Duración
5	UNIDADE 5	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñece a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra. Recoñece os países que interan o espazo lusófono	PE	100
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Detecta nun texto multimodal (viñeta) prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico e sabe substituílos pola forma galega correcta.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Distingue e identifica a linguaxe icónico-verbal da banda deseñada		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece o tema, a estrutura e pode resumir o argumento dunha secuencia narrativa		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica os elementos dunha narración e distingue conto de lenda		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Recoñece o valor dos tempos verbais nos textos narrativos		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece a estrutura do verbo regular . Distingue tempos e modos. Distingue pronomes de determinantes. Coloca correctamente o pronome átono.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	UNIDADE 6	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende a estrutura dos textos narrativos e da banda deseñada	TI	100
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Escribe un texto narrativo a partir dunha narración audiovisual muda cambiándolle o punto de vista.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa a narración coa axuda do corrector, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora, a partir de modelos dados, un cómic colectivo sobre a súa chegada ao instituto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.

Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 7	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece territorio, situación legal, número de falantes, persoas relevantes da cultura e expresións da vida cotiá da lingua do estado ou do país da lusofonía que lle corresponda para a súa exposición oral		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica algúns prexuízos lingüísticos e culturais que existan sobre as linguas do estado		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza unha presentación multimedia sinxela e non a le		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Expón de maneira fluída, con corrección lingüística e manexando os recursos non verbais eficazmente	TI	100
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Realiza conversas informais nas diferentes linguas da Península		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Identifica fontes de información fiables e citaas na súa presentación		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Emprega unha linguaxe inclusiva e non discriminatoria na súa exposición		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

UD	Título da UD	Duración
8	UNIDADE 8	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura escollido	TI	100
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de lectura escollido		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixo o libro de lectura cun criterio que explica e argumenta a opinión sobre o lido		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica algunhas das principais características do xénero literario da obra escollida		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumno explica o aprendido tras a lectura e pono en relación con outras experiencias artísticas que viviu		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende as ideas fundamentais, o tema e fai un resumo de diversos tipos de textos	PE	100
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Interpreta as intencións do emisor dun texto poñendo exemplos do mesmo onde estas se reflectan		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido de poemas sinxelos		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Coñece os principais xéneros dramáticos		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Redacta correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica que é un verbo irregular e semirregular e sabe conxugar os máis frecuentes		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Distingue as palabras invariables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
10	UNIDADE 10	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Diferencia forma e contido nos textos poéticos	TI	100
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o poema e o romance coa axuda do corrector, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Extrae o tema de diversos textos poéticos		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece coplas populares, romances e sonetos		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Selecciona poemas dunha antoloxía argumentando a súa escolla		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona o contido dun poema con imaxes		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un videopoema		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
11	UNIDADE 11	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Interpreta un papel na peza de teatro radiofónico cunha linguaxe correcta, intención e manexando os tons de voz e os silencios ou dialoga, cunha linguaxe correcta, respectando as regras de cortesía e as quendas de palabra sobre o tema escollido argumentando a súa posición	TI	100
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Fala de maneira clara asumindo o papel que lle tocou, con fluidez, coherencia, corrección lingüística e manexando os recursos non verbais, neste caso a voz		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira ordenada no grupo de traballo, respectando as quendas de palabra e cunha actitude de escoita activa		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Prepara un texto teatral radiofónico ou un diálogo sobre temas sociais logo de buscar información sobre os mesmos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Selecciona fontes de información fiables e citaas		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos coa axuda do corrector e de dicionarios		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Emprega unha linguaxe inclusiva e non discriminatoria		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Colabora na creación dunha peza teatral colectiva ou dun diálogo sobre un tema social de actualidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
12	UNIDADE 12	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura escollido	TI	100
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de lectura escollido		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixo o libro de lectura cun criterio que explica e argumenta a opinión sobre o lido		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica algunhas das principais características do xénero literario da obra escollida		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumno explica o aprendido tras a lectura e pono en relación con outras experiencias artísticas que viviu		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-

Contidos

- lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

- adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.

- proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza

- promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.

- propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.

- propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo.

- facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.

- propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarse o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación do profesor. A función da ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

Pretendemos, desde esta programación, reforzar os aspectos prácticos. Cómpre, polo tanto, poñer especial atención na oralidade e nas competencias activas: aproveitar os recursos que ofrece a biblioteca, así como fomentar as

tecnoloxías da información e da comunicación, e fomentar a investigación en grupo e o traballo colaborativo do alumnado.

Os principios metodolóxicos non se aplican de xeito abstracto, senón sobre contidos disciplinares concretos, polo que convén definir a aplicación da metodoloxía en conexión coas actividades máis características da área.

Lectura

Ademais das actividades de lectura vinculadas aos contidos incluídos na programación, cremos que hai que dedicar a este apartado esforzos específicos, encamiñados non só á superación das deficiencias que poidan presentar os alumnos, senón sobre todo á estimulación do hábito de lectura. Para este fin incluímos na programación lecturas obrigatorias cada trimestre sobre as que se realizará un control de lectura ou un traballo oral ou escrito no que o alumnado explique e valore os aspectos máis relevantes do libro proposto. Ademais destas lecturas obrigatorias fomentárase que o alumnado poida aumentar o número de lecturas con carácter voluntario, valorándose esta actividade positivamente de cara á avaliación.

As obras escollidas como lecturas obrigatorias son as seguintes:

- Chamádeme Simbad, de Francisco Castro
- Penúltimas tendencias, de Carlos Negro
- Recinto gris, de Leticia Costas

Igualmente dedicaremos un esforzo especial ás actividades de lectura dentro da aula, tanto no que respecta á lectura comprensiva coma á lectura expresiva en voz alta.

Lingua oral

A lingua de uso na aula para a materia de Lingua galega e literatura será sempre o galego. Por tanto, todas as interaccións do alumnado entre si e co profesor produciranse sempre nesta lingua.

Por outra banda é moi importante que na aula se cre un clima de respecto mutuo, colaboración e participación activa que permita a expresión de opinións, ideas, gustos persoais, etc.

Outro aspecto relevante en relación coa lingua oral é o manexo de rexistros diferentes, así como o coñecemento, valoración e respecto cara ás distintas variedades do galego. Parece importante que o alumnado poida escoitar testemuñas vivas dos diferentes usos, rexistros e variedades da lingua oral, e para tal fin procuraremos facer uso dos medios audiovisuais e informáticos cos que contamos no instituto.

Lingua escrita

A nosa tarefa neste ámbito ha de buscar, por unha banda, a corrección de aspectos tales como a ortografía, a puntuación, a construción oracional ou a coherencia textual. É importante facer unha corrección constante e sistemática deste tipo de aspectos, e transmitirlle ao alumnado que haberá sempre unha atención aos mesmos e á súa avaliación.

Tamén se coidará na produción de textos os aspectos de adecuación, coherencia e cohesión ademais da corrección gramatical. A corrección dos textos escritos producidos polo alumnado tratará de forma específica estes aspectos.

Insistirase na importancia que ten na elaboración de textos escritos a planificación. O alumnado ten que ser consciente, xa desde o 1º curso, de que todo texto ten que ser planificado previamente para que cumpra os requisitos citados no punto anterior; neste sentido fomentárase o uso de borradores e esquemas previos á redacción definitiva como paso imprescindible para a produción de textos escritos.

Porén, a nosa tarefa non se pode limitar a isto, senón que hai que desenvolver a competencia do alumno na composición de textos de diversas intencións, funcións e xéneros, así como a súa capacidade para realizarse plenamente como persoa mediante a expresión das súas inquiredanzas e opinións, dentro dun marco de respecto e estímulo á creatividade persoal. Para lograr isto hai que propor actividades e exercicios relacionados estreitamente coa vida cotiá, os intereses, esixencias e experiencias dos alumnos, dándolle deste xeito ó seu traballo un carácter funcional e deixando claro que expresión escrita non só é un exercicio académico, senón que constitúe unha oportunidade para construír a personalidade individual e social.

Adquisición de léxico

A adquisición dun léxico adecuado é unha acción prioritaria da nosa acción didáctica, de acordo con certos obxectivos e pautas:

- valoración das variedades dialectais, rexeitamento de elementos alleos ao galego (castelanismos) e toma de conciencia da necesidade de coñecer e usar en contextos apropiados a norma lingüística culta.
- adquisición dun léxico variado, rico e preciso.
- adquisición e manexo da terminoloxía técnica e científica propia da materia e dos demais ámbitos da vida escolar.

Gramática

No que se refire á aprendizaxe da gramática queremos fuxir da metodoloxía de tipo clase maxistral; o estudo gramatical realizarase a partir de textos que se traballarán na aula como un medio para chegar ao coñecemento gramatical. Neste sentido intentaremos sempre que os elementos de estudo gramatical estean contextualizados, o

que leva consigo que os textos que se utilicen sexan coidadosamente elixidos para cada tema. No que se refire á selección de textos procuraremos fuxir do texto literario como referente único, buscando a diversidade e a relevancia para o alumno dos textos seleccionados.

Literatura

Neste curso dedicárase a conseguir unha percepción máis creativa e dinámica do feito literario, e centrarse nun enfoque temático-xenérico

Procura de información

Buscaremos principalmente que o alumnado aprenda a distinguir fontes fiables das que non o son, insistindo no contraste ente elas e no respecto pola propiedade intelectual. Neste sentido non serán recollidos nin avaliados traballos que constituían un evidente "corta e pega" e que presenten un nivel de contidos ou de lingua que non se corresponde coa etapa madurativa do alumnado nin coas súas destrezas lingüísticas.

Guiaremos o proceso de busca de información seleccionado nos primeiros traballos nós as fontes para posteriormente darlles autonomía. Os traballos de investigación deberán vir sempre acompañados dunha bibliografía ou webgrafía.

Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- presentación actividade con textos, fotos, etc. se é posible no encerado dixital.

Información do profesor:

- información básica para todo o alumnado da contido curricular que se vai desenvolver.
- información complementaria para reforzo e apoio con resolución de dúbidas.
- información complementaria para afondamento e ampliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Lingua e literatura 1 Obradoiro Santillana e materiais de elaboración propia

Alén dos citados que serán os básicos de referencia, empregaranse outros tirados da rede, material audiovisual diverso (fragmentos de documentais, telexornais, cancións, vídeos musicais, portais de información, xornais dixitais, dicionarios, Porta das palabras, conxugadores verbais, fotografías, presentacións dixitais, kahoots, mapas etc) e material de elaboración propia que será empregado a través da Aula Virtual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumnado no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Consistirá nunha proba, con diversas partes diferenciadas. Unha delas partirá dun texto escrito sobre o que se proporán distintas actividades relacionadas coa súa comprensión e léxicos básicos; outra das parts consistirá en preguntas relacionadas con contidos gramaticais e outra das partes versará sobre a produción textual propia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	20	5	5	4	20	5	5	3	20	5
Proba escrita	100	0	0	0	100	0	0	0	100	0
Táboa de indicadores	0	100	100	100	0	100	100	100	0	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	3	100
Proba escrita	0	0	60
Táboa de indicadores	100	100	40

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación de cada avaliación serán os seguintes:

- 1) Probas escritas 70%: en cada trimestre realizaranse dúas probas escritas; porén, se a dificultade ou extensión dos contidos o aconsellase poderase dividir en máis probas escritas.
- 2) Traballo de lectura 10%: ao alumnado proporáselle a lectura dun libro por trimestre do que realizará un control de lectura ou, se o profesor o considera, un traballo no que dará conta de diversos aspectos da súa experiencia lectora.
- 3) Expresión oral planificada 10%: o alumnado realizará en cada trimestre unha exposición sobre diferentes temas. Terase en conta o uso da lingua galega durante as clases. Empregarase unha rúbrica para avaliar as producións orais.
- 4) Entregas de traballos e traballo de aula 10%: o alumnado realizará entregas de traballos durante cada avaliación; ademais, terase en conta o traballo diario de clase e a entrega de caderno.

A nota final de cada avaliación será a suma dos apartados anteriores debidamente ponderados e expresarse cunha nota numérica que irá do 1 ao 10. A nota mínima para aprobar calquera avaliación é de 5 puntos. A nota final do curso calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo.

Os erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos descontarán en cada proba ou traballo escrito ata un punto; os erros moi graves (non uso das maiúsculas, tempos compostos, pronomes mal colocados) restarán 0,1 cada un, os graves (xénero e número incorrectos e castelanismos léxicos) descontarán 0.05 e o resto, 0.01. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borranchos ou riscos).

Quen non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizalo posteriormente.

Empregar métodos fraudulentos na realización de probas ou traballos, permitir que outros copien o seu traballo, participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados (copiar literalmente ou parafrasear unha fonte bibliográfica, por exemplo) implicará a obtención automática dun cero como cualificación nesa proba/pregunta

ou traballo.

Criterios de recuperación:

O alumnado cualificado por debaixo de 5 na avaliación realizará unha proba escrita de recuperación da parte avaliable correspondente ás probas escritas do trimestre anterior.

Respecto á cualificación final, esta será a media da cualificación obtida en cada avaliación sen redondeo, tendo en conta as recuperacións realizadas. Se estivesen suspensas as probas ordinarias e a recuperación, escollerase a nota máis alta das dúas para realizar a media da cualificación final.

Dado que a nota final do curso se obtén coa media das tres avaliacións, no caso de haber algunha avaliación que non se teña superado nas recuperacións, esta poderá ser compensada se a nota media xunto coas aprobadas permitise chegar ao 5.

Finalmente, se unha vez esgotadas todas as posibilidades anteriores algún alumno ou alumna tivese suspensa unha única avaliación, poderá facer un exame nos últimos días de xuño para poder superar a materia.

Para valorar as faltas de ortografía nas producións escritas, distinguirase entre falta considerada leve, que descontará 0,1 puntos e unha falta considerada grave, 0,2 puntos. O desconto, no caso dos traballos e tarefas, non excederá do máximo outorgado a este apartado na táboa de valoración dos traballos e tarefas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe ser, dentro do humanamente posible, un elemento fundamental da práctica docente diaria. Dado que non todo o alumnado ten o mesmo ritmo de aprendizaxe, o profesorado deberá tratar de prestarlle unha atención o máis individualizada posible para detectar e resolver as carencias existentes. Unha vez fixados os obxectivos básicos, o profesor procurará:

- adaptar o material didáctico.
- variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- organizar grupos de traballo flexibles.
- ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e as competencias do alumnado.
- potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.

Ao alumnado con TDAH e/ou dislexia, aplicaráselle as medidas que establece o seu correspondente protocolo, particularmente no referido á atención e colocación na aula así como ao tempo e formato das diferentes probas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual				X				X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital				X			X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X		X	X			X
ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores		X	X		X			
ET.8 - ET.8 - Creatividade		X		X		X		X
ET.9 - ET.9 - Igualdade de xénero					X			
ET.10 - ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos					X			
ET.11 - ET.11 - Pluralidade					X		X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital		X	X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	
ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X	X
ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores		X	X	
ET.8 - ET.8 - Creatividade		X		X
ET.9 - ET.9 - Igualdade de xénero			X	
ET.10 - ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos			X	
ET.11 - ET.11 - Pluralidade			X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas artístico-literarias	Saídas a exposicións, museos ou roteiros literarios que lle acaian ao currículo do curso.	X	X	X
Asistencia a unha representación teatral ou contacontos	Acudir a unha representación teatral para completar formación arredor do feito teatral e as súas diversas manifestacións	X	X	X

Observacións:

As actividades realizaranse en función do orzamento do centro e do Departamento, así como do interese para o alumnado e a materia. Actividades relacionadas coa tradición oral e o mundo das regueifas, coa tradición galega (Museo do Pobo Galego e Museo Pedagóxico de Galicia) e coa propia lingua (Correlingua) serán fundamentais, así como actividades en relación coas distintas conmemoracións do curso escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Conseguiuse seguir a temporización prevista das unidades didácticas e das distintas actividades.
7. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
Metodoloxía empregada
4. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación.
5. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles
11. Os procedementos e instrumentos de avaliación utilizados foron adecuados.
12. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
14. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes que superaron e non superaron a materia.
16. As probas de avaliación foron entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das tecnoloxías

Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes
13. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/así
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia.
15. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
8. Houbo unha comunicación fluída con outros departamentos e equipos (EDLG, Biblioteca)
17. Mantívoase contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron.

Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado de 0 a 10 e os seus resultados reflectiranse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado sobre os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS e tamén se deixará constancia dos aspectos máis relevantes nas actas do departamento. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.

9. Outros apartados